

Información

Descartes na aula. Práctica 2

Andrés Piñón Fernández

1. Disponibilidade da aula

No centro hai dúas aulas de informática, unha delas, a máis grande, con 17 ordenadores e a outra, máis pequena, con 9. Segundo o horario do grupo elixido pode dispoñer das catro horas na aula de informática, pero dúas serían na pequena. O que significa que nestas dúas sesións terían que traballar en grupos de dous. Isto non supón ningún atranco porque nas clases mesturárase o traballo individual cón traballo en grupo.

2. Características dos ordenadores

Aula grande:

Procesador AMD Athlon 64 X² Dual Core 5600+, 2 GB de RAM, 80 GB de disco duro acompañado por unha TFT de 17" con altofalantes incluídos.

Sistema operativo: Windows XP SP3.

Aula pequena:

Procesador INTEL Pentium IV, 512 MB de RAM, 60 GB de disco duro e monitor CRT de 17".

Sistema operativo: Windows XP SP2.

O navegador que se empregará preferentemente é o Firefox e tamén se utilizarán outras ferramentas de uso libre como o procesador de texto Writer de OpenOffice.

3. Agrupamento do alumnado na aula

Como xa se expuxo no primeiro punto o alumnado traballará nalgunhas actividades individualmente e noutras en grupos de dous dependendo do tipo destas e da aula que se utilice. Ademais ao finalizar as sesións haberá unha posta en común e redactaranse as conclusións a que chegaron, destacando as coincidencias e tamén os distintos xeitos de chegar a elas, salientando que pode haber varias opcións igualmente válidas.

4. Distribución dos equipos

Na aula grande os ordenadores están dispostos en U, estando unha mesa de profesorado e un encerado na cuarta parede.

Na aula pequena os ordenadores forman unha L, cunha mesa de profesorado nun dos lados libres e un encerado de vinilo na outra.

5. Conectividade á rede Internet

Todos os ordenadores están conectados a rede do centro e teñen conexión directa a internet, en principio cun ancho de banda suficiente. Aínda que cabe sinalar que na aula pequena, debido a antigüidade dos equipos, retárdase un pouco o acceso a web, sen chegar a ser desesperante.

6. Outros medios didácticos

Ademais as dúas aulas de informática dispoñen de proxector de vídeo e, no departamento temos outro pequeno que xunto cun portátil levarase a aula habitual do grupo para realizar as explicacións con escenas de Descartes o outro material electrónico e manter así certa coherencia co modo de traballo seguido nas aulas de ordenadores.